



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: FO216 / 2026

Expediente convocatoria: 2025000033958

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS MUSEÍSTICOS, DURANTE O ANO 2026 (FO216 / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos, durante o ano 2026", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos, durante o ano 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos, durante o ano 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos, durante o ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO PARA A ATENCIÓN DE MUSEOS E CENTROS MUSEÍSTICOS (MUSEOS, COLECCIÓN MUSEOGRÁFICAS OU CENTROS DE INTERPRETACIÓN), DURANTE O ANO 2026 (FO216/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes
Sección	Sección de Educación e Cultura
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos, durante o ano 2026
Beneficiarios	Entidades locais da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes
Programa	FO216/2026
Aplicación orzamentaria	0612/3331/46201
Importe da convocatoria	400.000 €. Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 10.000 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo 20.000 €
Importe solicitado	Como máximo o importe previsto na base 8.1
Coeficiente de financiamento	Máximo 100%
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

- Lei 5/2016, do 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 7: "Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial", e ao seus obxectivos operativos O.19 (contribuír a reforzar e complementar os servizos de emprego e desenvolvemento local municipais) e O.37 (apoiar a prestación de servizos culturais e formativos a nivel local), mediante o apoio á dotación de persoal técnico cualificado en museos e centros museísticos.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a financiar os gastos de persoal técnico de museos e centros museísticos.

Para poder optar á presente subvención os museos ou centros museísticos deberán estar abertos ao público un mínimo de 900 horas ao ano no conxunto de períodos de apertura que a entidade determine, cun mínimo de 20 horas semanais.

O museo ou centro museístico debe garantir a posibilidade de acceso en horario de tarde e fin de semana, sexa de forma directa ou a través de cita previa (a solicitude de cita previa deberá figurar na páxina web do centro).

Neste programa subvencionaranse os postos de traballo que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal con relacións de emprego que se axusten á lexislación vixente.

O persoal para o que se solicita a subvención deberá cumprir obrigatoriamente os seguintes requisitos:

a) ter formación específica (grao, licenciatura, ciclos formativos, mestrado, posgrao...) relacionada cos campos da xestión cultural, patrimonial, de museos, turística ou, no caso específico de espazos vinculados co medio natural, de xestión do patrimonio natural.

b) teren recoñecido polo seu Concello o grupo profesional A, como persoal técnico medio, correspondente no mínimo ao subgrupo de clasificación A2, con nivel 16, ou ao grupo que

corresponda no caso do persoal laboral.

En ningún caso a Deputación lle aboará de forma directa cantidade ningunha ao persoal técnico financiado, xa que todos os pagamentos os realizarán as entidades beneficiarias.

A participación neste programa non suporá relación contractual algunha entre a Deputación e o persoal técnico financiado.

2.2 Ámbito temporal e prórrogas:

As subvencións obxecto deste programa destinaranse a financiar o persoal técnico, dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Para aquelas entidades locais que no ano 2025 tivesen concedida prórroga, o período será o comprendido entre o 1 de maio de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

As entidades locais incluídas no programa do ano 2026 poderán solicitar a prórroga do programa ata o 30 de abril de 2027; a solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2026**, ás 14:00 h.

No caso de ter concedida prórroga poderán incluírse xustificantes de gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro do exercicio da convocatoria, con data límite do 30 de abril do exercicio seguinte.

2.3 Finalidade

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio aos servizos municipais de cultura, conscientes da necesidade e da relevancia de fortalecer o tecido cultural local a partir dos que deben ser uns dos seus motores: as políticas culturais públicas.

Neste sentido, a Área de Cultura da Deputación da Coruña desenvolve anualmente un importante esforzo de apoio económico para reforzar a estrutura de persoal e a capacidade económica dos concellos, a través dun paquete de subvencións anual destinado ao financiamento de:

- O persoal técnico municipal de xestión cultural
- O persoal técnico municipal en animación sociocultural
- Os festivais municipais de artes escénicas, musicais e audiovisuais
- E, caso desta convocatoria, do persoal técnico de museos e centros museísticos.

Lingua galega:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Pola súa banda, a Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega. Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de Usos da Lingua Galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto.

A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Deputación convocante desta liña de subvencións e consciente desta realidade, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades, sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe claramente non o é: poder vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica.

Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoiem claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non existe liberdade de uso e de escollo lingüística se antes non houber garantía do coñecemento real das linguas e da posibilidade certa do seu uso en todos os ámbitos. Do mesmo xeito, non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por abandono activo de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa as entidades locais da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes, xestoras de museos e/ou centros museísticos de carácter permanente depositarias de bens móbeis, obxectos ou testemuños de valor histórico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico de interese local, que é importante divulgar e protexer.

Cada entidade local poderá realizar varias solicitudes: unha por cada museo ou centro museístico do que sexa titular.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións da Deputación da Coruña para o financiamento do mesmo persoal.

5.2 Exclusións

Nesta convocatoria non se admitirán contratos de servizos.

O persoal financiado a través desta convocatoria centrarase no desenvolvemento das funcións propias dos museos e centros museísticos, polo que quedan excluídas das posibles liñas de traballo a desenvolver as actividades deportivas e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais, de turismo e as vinculadas á información xuvenil e ás Oficinas municipais de información xuvenil.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na [Política de Privacidade](#) da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Relación xurídica.

O persoal cuxo financiamento constitúe o obxecto da subvención, deberá estar vinculado á entidade local mediante unha relación xurídica laboral ou funcionarial.

7.2 Funcións do persoal.

As funcións a desenvolver por este persoal serán as encomendadas aos museos e centros na Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia. Entre outras, a organización e catalogación da colección, a selección de pezas para exposición, a elaboración do discurso expositivo, a xestión dos préstamos ou depósitos en condicións de conservación e seguridade e a dinamización e relación do museo ou centro co seu contexto territorial e social.

7.3 Participación en actividades formativas.

O persoal adscrito aos museos e centros museísticos obxecto de subvención, está obrigado a realizar as actividades de formación que puidesen impartir as áreas de Cultura e Turismo da Deputación da Coruña co fin de acadar un servizo calidade.

7.4 Apertura ao público.

Para poder optar á presente subvención os museos ou centros museísticos deberán estar abertos ao público un mínimo de 900 horas ao ano, no conxunto de períodos de apertura que a entidade determine cun mínimo de 20 horas semanais.

O museo ou centro museístico debe garantir a posibilidade de acceso en horario de tarde e fin de semana, sexa de forma directa ou a través de cita previa (a solicitude de cita previa deberá figurar na páxina web do centro).

7.5 Difusión do apoio da Deputación.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas polo museo ou centro museístico deberán incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e [logotipo](#) que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente

Farase constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais, páxina web ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas.

A entidade terá a obriga de colocar un cartel, cun tamaño DIN A3 mínimo, acreditativo de que o museo ou centro museístico conta co financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

Os museos e centros museísticos terán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

7.6 Lingua galega.

Nesta convocatoria non se subvencionará persoal para espazos nin actividades que exclúan

a lingua galega en calquera das súas accións, materiais ou contidos. Por tanto, todas as actividades e materiais de comunicación, divulgación e desenvolvemento do museo ou centro museístico que se beneficie da subvención deberán ter como lingua vehicular a lingua galega, sen prexuízo de que tamén poidan incluír outras linguas.

Toda a sinalética e o conxunto dos soportes de difusión e comunicación do espazo (web, perfís de redes sociais, folletos, publicacións, cartelería...) deben estar en lingua galega, sen que isto exclúa a posibilidade de o estaren tamén noutras linguas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrência competitiva e será aprobada por resolución da presidencia da Deputación, polo procedemento de **concesión provisional e concesión definitiva** regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación.

A cantidade que se concederá será a suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os 20.000 €.

8.2 Valoración das solicitudes

Para a valoración das solicitudes, nomearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito dos museos e centros museísticos, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8.2a VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 40 puntos

Valoraranse os seguintes aspectos:

- **Estrutura e antigüidade do persoal técnico xa existente no espazo.** Valorarase se o museo ou centro museístico xa contaba con persoas técnicas para realizar as funcións dos museos e centros museísticos distintas do persoal obxecto desta subvención. Só se terá en conta a antigüidade vinculada ao espazo (non a outros ámbitos municipais) e non se poderá incluír o persoal xa subvencionado pola Deputación noutras liñas (atención turística, deportes, xestión cultural e animación sociocultural...): ata 5 puntos.
 - Antigüidade inferior a dous anos: 1 punto
 - Antigüidade entre 2 e 5 anos: 3 puntos
 - Máis de 5 anos de antigüidade: 5 puntos

- **Horario de apertura ao público do espazo en 2026.** Valorarase o número total de horas de apertura anual do espazo ao público: ata 10 puntos
 - Entre 900 e 1.000 horas anuais: 2,5 puntos.
 - Entre 1001 e 1.300 horas anuais: 5 puntos.
 - Entre 1.301 e 1.600 horas anuais: 7,5 puntos.
 - Máis de 1.600 horas anuais: 10 puntos

- **Número total anual de horas de traballo da persoa para o que se solicita a subvención en 2026:** ata 10 puntos
 - Entre 500 e 750 horas anuais: 2,5 puntos.
 - Entre 751 e 1000 horas anuais: 5 puntos.
 - Entre 1.001 e 1.250 horas anuais: 7,5 puntos.
 - Máis de 1.250 horas anuais : 10 puntos.

- **Horario de apertura en fin de semana.** O horario de apertura na fin de semana valorarase en función da súa amplitude, ata un máximo de 5 puntos (non se valorarán neste apartado os centros que abran baixo cita previa)
 - Menos de 6 horas semanais: 1
 - Entre 6 e 10 horas semanais: 3
 - Máis de 10 horas semanais: 5

- **Orzamento total que a entidade destina ao sostemento do espazo:** ata 5 puntos:
 - Menos de 25.000 euros. 1 puntos.
 - Entre 25.000 e 50.000 euros : 3 puntos
 - Máis de 50.000 euros. 5 puntos.

- **Capacidade de autofinanciamento** do espazo: ata 5 puntos.
 - Fai venda de entradas. 3 puntos.
 - Fai venda de materiais propios (camisolas, libros, cadernos...). 2 puntos.

8.2.b VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 60 puntos, a través de informe da Comisión de Valoración Técnica, en que se teñen en conta os seguintes aspectos:

* **Interese do museo ou centro museístico.** Terase en conta a traxectoria, os bens, o interese patrimonial do espazo e dos seus contidos, etc. Ata 20 puntos.

* **Actividades/proxectos a desenvolver no espazo durante a anualidade para a que se solicita subvención:** ata 20 puntos.

* **Estratexia de comunicación e divulgación das actividades e servizos do museo.** Terase en conta a existencia e interese dos contidos da páxina web, dos perfís de redes sociais, dos folletos informativos, e do resto de material que o espazo poña a disposición das persoas visitantes ou elabore para divulgar os seus fondos e actividades: Ata 20 puntos.

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto

887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2027**, ás 14:00 horas.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos exixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.

O museo ou centro museístico obxecto da subvención abre un mínimo de 900 horas ao ano, un mínimo de 20 horas semanais e garante a posibilidade de acceso en horario de tarde e fin de semana, sexa de forma directa ou a través de cita previa.

Documentación:

- Certificación acreditativa do acordo de solicitude
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria da solicitude
- Informe da Secretaría da entidade sobre o posto de traballo, no que se indicará a súa adecuación á lexislación vixente.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consente en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN

DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

Documentación:

- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria xustificativa.

A memoria terá que estar feita polo persoal técnico e nela constará a súa identificación completa (nome, apelidos, titulación e cargo) e estará asinada pola persoa que represente á entidade.

- Relación clasificada dos gastos realizados durante o período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.

Na relación de gastos indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Certificación expedida pola persoa a cargo da secretaría na que dé conta da seguinte información:
 - Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado
 - Tipo de vinculación laboral (funcionario/a, funcionario/a interino/a, persoal laboral fixo ou temporal)
 - Data da toma de posesión ou da formalización de contrato e data de fin do contrato (no seu caso).
 - Categoría profesional e titulación académica (incluíndo Celga 4 ou equivalente).
 - Tipo de xornada de prestación dos seus servizos (xornada completa, media xornada ou outra)
 - Período no que estivo vinculado á entidade (todo o ano ou outro período).
 - Adecuación á lexislación vixente.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida e do uso da lingua galega
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Poderán solicitar subvencións neste programa as entidades locais da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes, xestoras de museos e/ou centros museísticos de carácter permanente depositarias de bens móbeis, obxectos ou testemuños de valor histórico, arqueolóxico, artístico, etnográfico, científico ou técnico de interese local, que é importante divulgar e protexer. Cada entidade local poderá realizar varias solicitudes: unha por cada museo ou centro museístico do que sexa titular.

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a financiar os gastos de persoal técnico de museos e centros museísticos. Neste programa subvencionaranse os postos de traballo que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal con relacións de emprego que se axusten á lexislación vixente.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 400.000 €, con cargo á partida 0612/3331/46201 do Orzamento ordinario para 2026.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Podrán solicitar subvenciones en este programa las entidades locales de la provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes, gestoras de museos y/o centros museísticos de carácter permanente depositarias de bienes muebles, objetos o testimonios de valor histórico, arqueológico, artístico, etnográfico, científico o técnico de interés local, que es importante divulgar y proteger. Cada entidad local podrá realizar varias solicitudes: una por cada museo o centro museístico del que sea titular.

Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de este programa se destinarán a financiar los gastos de personal

RPT-21603607

técnico de museos y centros museísticos. En este programa se subvencionarán los puestos de trabajo que estén desempeñados por personal funcionario o laboral fijo o temporal con relaciones de empleo que se ajusten a la legislación vigente.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se registrá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 400.000 €, con cargo a la partida 0612/3331/46201 del Presupuesto ordinario para 2026.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 21 de octubre de 2025, y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de noviembre de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal>